



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE MESÍA CELEBRADA O DÍA 9 DE ABRIL DE 2010.

ALCALDE:

D. Mariano Iglesias Castro PSdeG – PSOE

CONCELLEIRO/AS:

D. Antonio Quindimil García. PSdeG – PSOE
D. Gervasio Sánchez Barreiro. PSdeG – PSOE
D. José Fernando García Lesta PSdeG – PSOE
D^a Pilar Sánchez Ulloa. PSdeG – PSOE
D. José Ángel Sánchez Sánchez. PSdeG – PSOE
D. Severino Álvarez Monteserín. PP
D^a María José Quindimil Suárez. PP
D. Adolfo Grobas Vázquez PP
D. Pedro M. Pedreira Candal. BNG
D. Manoel Bello Salvado. BNG

SECRETARIO :

D Eladio Bendaña Pardo.

En Mesía, a 9 de abril de 2010, sendo as vinte e unha horas, na Casa da Cultura do Concello, logo da convocatoria para o efecto, reuníronse, en primeira e pública convocatoria, os señores concelleiros que se relacionan na marxe, co obxecto de celebrar sesión ordinaria do Pleno.

A tódolos asistentes entregáraselles copia da Orde do Día, cos asuntos para tratar, poñéndose á súa disposición o expediente da sesión e cumprindo os trámites esixidos pola normativa vixente. Estando presente o quórum necesario, polo Sr. Alcalde declárase validamente constituída a sesión. Pásase a continuación a tratalos seguintes asuntos incluídos na Orde do Día:

1. APROBACIÓN DAS ACTAS CORRESPONDENTES Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O DÍA 29 DE DECEMBRO DE 2009 E Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 9 DE XANEIRO DE 2010.

Abre a sesión o Sr. Alcalde preguntando se por parte dos concelleiros se quere facer algunha aclaración dos borradores das actas correspondente ás sesións sinaladas no epígrafe.

Pide a palabra o Sr. Pedreira, quen manifesta que, en relación á sesión do 9 de xaneiro, nós non podemos acudir á mesma debido á situación climatolóxica extrema. Coido que podería haberse tido en conta esa situación para pospoñer a sesión.

Pide a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta a súa estrañeza por terse celebrado ese Pleno, xa que non era urxente, e houbera sido unha mostra de cortesía pola súa parte demorar a sesión.

Resposta o Sr. Alcalde que espero que non se considere descortés a miña persoa, ó que á súa vez resposta o Sr. Álvarez que non é a súa persoa a que me parece descortés, senón a súa actitude. Continúa o Sr. Alcalde dicindo que houbo concelleiros que vivindo nas zonas máis altas do concello foron quen de achegar ata aquí, e así mesmo o Sr. Secretario veu dende A Coruña, polo que, habendo quórum para celebrar a sesión, pareceume o máis respetuoso celebrala.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Sinala o Sr. Pedreira que parece que ó Sr. Alcalde parece que lle gusta máis o sistema de partido único que o multipartidismo, ó que resposta o Sr. Alcalde que non vou sequera a considerar a súa apreciación.

Non habendo pronunciamentos ó respecto, sometese a votación a aprobación do acordo, adoptándose por unanimidade dos correspondentes membros asistentes a cada unha das sesións.

En consecuencia, se elevan a definitivas para a súa transcripción ó Libro de Actas.

2. APROBACIÓN INICIAL PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL. ACORDOS QUE PROCEDAN.

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA DA ALCADÍA Ó CONCELLO PLENO Ó CONCELLO PLENO.

D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do Concello de Mesía, considerando os antecedentes que, de seguido, se expoñen:

En data 17 de marzo de 2008, por Decreto nº 40/2008 da Alcaldía, adxudicouse a elaboración e redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal á empresa Estudio Técnico Galego, S.A.

En data 14 de Xaneiro de 2009 remitiuse á a Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible, da Xunta de Galicia, o Documento de inicio para o procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica, de conformidade co establecido na Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia.

En data 4 de febreiro de 2009 recíbese neste Concello comunicación da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible do inicio do procedemento de Avaliación Ambiental Estratéxica do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Mesía.

En data 22 de abril de 2009 recíbese neste Concello Documento de Referencia para o Procedemento Avaliación Ambiental Estratéxica do Plan Xeral de Ordenación Municipal, remitido pola Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible, que foi elaborado tras as pertinentes consultas coas Administracións Públicas afectadas e o público interesado.

En data 10 de xuño de 2009 remítese á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o documento previo á aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

En data 11 de decembro de 2009 recíbese no Concello o Informe previo á aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal, emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

En data 1 de marzo de 2010 o equipo redactor presenta no Concello o documento para aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal, incluíndo o preceptivo Informe de Sostenibilidade Ambiental.

Incorporáronse ó expediente os informes técnico e do secretario-interventor, ambos de data 4 de marzo.

Por todo o que antecede, considerando o ditame favorable da Comisión Informativa de seguimento do Plan Xeral de Ordenación Municipal, de data 11 de marzo de 2010, e de conformidade co artigo 85 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, artigos 22.2.c) e 47.2.11) da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, o artigo 7 da Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia, e lexislación concordante, proponho ó Pleno que adopte o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO: *Aprobar inicialmente o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Mesía (no que se inclúe o Informe de Sostenibilidade Ambiental) elaborado pola empresa Estudio Técnico Galego, S.A.*

SEGUNDO: *Abrir un período de información pública do referido Plan Xeral de Ordenación Municipal e do Informe de Sostenibilidade Ambiental; polo prazo de dous meses, efectuando a publicación dos correspondentes anuncios no Diario Oficial de Galicia, no Boletín Oficial da Provincia e en dous dos xornais de maior circulación na provincia (El Correo Gallego e La Voz de Galicia). Simultaneamente e durante o mesmo prazo, se dará audiencia aos Concellos limítrofes e someterase o Plan, incluído o Informe de Sostenibilidade Ambiental, ás consultas previstas no documento de referencia para a Avaliación Ambiental Estratéxica. O prazo de exposición pública comezará a contar a partir do día seguinte ao da última das publicacións citadas, e durante o mesmo todas as persoas interesadas poderán facer uso dos seus dereitos e consultar os documentos nas oficinas municipais e presenta-las alegacións escritas que estimen oportunas.*

Así mesmo o Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Mesía poderá ser consultado na páxina web municipal: <http://concellodemesia.es>.

TERCEIRO. *A suspensión do outorgamento de licenzas na totalidade do termo municipal polo prazo de dous anos, nos termos e condicións sinaladas no artigo 77 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, e no artigo 120 do Real Decreto 2159/1978, de 23 de xuño; polo que se aproba o Regulamento de Planeamento. Esta suspensión publicarase conxuntamente coa aprobación inicial do Plan Xeral de Ordenación Municipal.*

CUARTO. *Recadar das Administracións Públicas competentes os informes sectoriais previstos pola Lexislación sectorial do Estado e da Comunidade Autónoma de Galicia.*



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

En Mesía, 5 de abril de 2010. O alcalde, Asdo./Mariano Iglesias Castro''

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que esta proposta é a mesma que se votou favorablemente na Comisión Informativa. Tivemos tamén varias reunións de traballo cos representantes dos grupos e sempre procuramos a maior obxectividade para o PXOM. A Consellería fixo unha serie de matizacións que ocupan dous folios. Éste Plan Xeral é o documento máis importante do noso tempo, porque afecta a todo o territorio e a todas as persoas, e congratúlome do consenso acadado por todos os grupos, así como da dilixencia na tramitación do Plan, cumprindo co cronograma previsto na subvención. O documento é mellorable, e seguro cuestionable, e nós animamos a todos a defender os seus intereses. Todas as reclamacións serán analizadas. En todo caso, esta é a aprobación inicial, logo virán a aprobación provisional e a definitiva, e seguro que tras as alegacións faranse cambios, pero coido que este é un paso moi importante. Paso a palabra ós portavoces dos grupos para que manifesten o que estimen oportuno.

Toma a palabra o Sr. Pedreira, quen comeza dicindo que o noso grupo vai manter a postura favorable xa manifestada na comisión, o que pretendemos é axilizar ó máximo a tramitación do documento e que este instrumento saia pronto á luz.

Toma a palabra de seguido o Sr. Álvarez, quen manifesta que quere facer dous consideracións. Por unha banda, esta é unha ferramenta para o concello, é un instrumento técnico-xurídico, e nós non imos facer debate político, pero tamén é moi importante que os veciños sexan informados, que os técnicos vaian polas parroquias e se preste toda a axuda posible desde o concello. O Partido Popular ofrécese para axudar a todos os veciños. Éramos todos conscientes de problemas concretos de veciños concretos, con militancia política, e se lles axudou. Nos non queremos facer ningún tipo de batalla política e imos votar a favor.

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que cando fagamos as explicacións, o concello vai poñer a disposición dos veciños todos os medios necesarios sen custe algún, con toda a comodidade para eles. Habilitarase un espazo para acceder á documentación e recibir asesoramento. No aspecto político, síntome honrado de presidir unha Corporación que acada un grado de consenso tan grande. Agradezo a súa colaboración, tendo en conta que tamén hai xenerosidade por parte de este equipo de goberno. O mérito é ó cincuenta por cento. Son consciente de que non hai cousa máis fácil que utilizar este documento como arma política. Hai que ter en conta que os beneficiarios son os administrados. Reitero as miñas grazas e a miña dispoñibilidade.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes, maioría absoluta do número legal de membros da Corporación.

3. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. EXPTE RE 1/2010.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

O Secretario fai lectura da proposta da que o seu teor literal di:

“PROPOSTA Ó PLENO DE APROBACIÓN DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. RE 1/2010

D. Mariano Iglesias Castro, Alcalde do concello de Mesía, tendo en conta a existencia de facturas e obrigas pendentes de pago correspondentes a exercicios anteriores.

Considerando, de conformidade co disposto no artigo 176 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, que con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que, nembargante, o artigo 26.2.c) do Real decreto 500/90, en relación co artigo 60.2 do mesmo texto legal, permite imputar ó exercicio corrente as obrigas procedentes de exercicios anteriores derivadas do recoñecemento extraxudicial de créditos.

Visto o informe da Intervención incorporado ó expediente.

De conformidade coa base 14ª de execución do orzamento, e os artigos 26.2.c) e 60.2 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril proponho ao Pleno a adopción do seguinte Acordo:

PRIMERO. *Aprobalo recoñecemento dos créditos correspondentes a exercicios anteriores que se relacionan de seguido:*

EMPRESARIO	DATA FACT.	Nº. FACT.	CONCEPTO	IMPORTE €	PART.
FCO.J. PAZOS LOPEZ (FERRAXERIA A CALZADA)	30/11/2009	128	Material varios ferraxería	349,25€	4.22
CAMILO SEOANE PEDREIRA (TALLERES TAMECA)	20/11/2009	263	Reparación vehículo Concello OPEL COMBO	453,97€	4.21
CAMILO SEOANE PEDREIRA (TALLERES TAMECA)	02/11/2009	249	Reparación vehículo Concello FORD MAVERICK	646,71€	4.21
CARLOS CASTRO Y ASOCIADOS, S.L.	30/01/2010	74	Honorarios xestión laboral decembro 2009	359,60€	9.22
LOPEZ ASTRAY, S.L.	30/12/2009	469	Limpeza de pavillóns	348,00€	3.21
Mª CELESTE BARREIRO TABOADA	30/12/2009	16	30 horas de clases de manualidades mes dec 09	775,25€	3.22
OVIGA, S.L.	31/08/2009	234/09	Obra Campo de Igrexa Albixoi a Campo das Mentiras (apertura de	20.373,23€	4.60



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

			<i>sobreanchos, firme de balastro e saneo de sobreanchos)</i>		
CARLOS LOPEZ AYUDE	26/12/2009	618	<i>Importe 1300 calendarios e un libro, en triplicado, con portada de axuda</i>	6.076,97€	9.22
SOGAMA	31/12/2009	3724	<i>Tratamento de RU mes decembro 2009</i>	3.877,69€	1.22
OFISERVICE	31/12/2009	7170023701	<i>Material de oficina</i>	882,73€	9.22
LINO LATA PORTELA	02/12/2009	8	<i>Material varios (cemento, graba, etc)</i>	1.198,98€	4.22
CENTRAL DE FRADES S. COOP. GALEGA	31/12/2009	280.880	<i>Importe abonos</i>	30,38€	1.22
ARES Y PACHECO, S.A.	30/12/2009	7101	<i>Importe materiais eléctricos</i>	127,97€	1.22
J. CARLOS VAZQUEZ SANCHEZ	31/12/2009	167	<i>Importe zahorra</i>	96,28€	4.22
FERUELTE, S.L.	31/12/2009	2874	<i>Importe 1 par de botas de goma cofra verde</i>	33,00€	4.22
COMERCIAL MAQUINARIA F3	31/12/2009	8388	<i>Aluguer rodillo por 9 días</i>	486,92€	4.20
TALLERES NOVO, S.L.	30/12/2009	8000367	<i>Reparacións no colexio de Xanceda (7 rexillas de ángulo pintadas para arquetas)</i>	589,28€	3.21
CASA ZAPATEIRO, S.L.	31/12/2009	198	<i>Importe produtos alimenticios</i>	107,38€	3.22
CONSORCIO GALEGO DE SERVICIOS DE IGUALDADE E BENESTAR	05/11/2009	324	<i>Aportación económica municipal so servizo Xantar na Casa período xullo, agosto e setembro 2009</i>	1.813,00€	2.48
ULLA OIL, S.L.	31/12/2009	7967	<i>Importe gasóleo C para centro médico de Visantofña</i>	325,68€	3.22
ULLA OIL, S.L.	31/12/2009	7845	<i>Importe gasóleo C para centro médico de Xanceda</i>	1.180,00€	3.22
ULLA OIL, S.L.	31/12/2009	3381	<i>Importe gasóleo A para almacén de Boado</i>	2.817,42€	9.22
ULLA OIL, S.L.	31/12/2009	7959	<i>Importe gasóleo C para Concello</i>	569,94€	9.22
ULLA OIL, S.L.	31/12/2009	7960	<i>Importe gasóleo C para Casa da Cultura</i>	921,58€	9.22
A. SANCHEZ GOMEZ	03/12/2009	41	<i>Importe material varios ferraxería</i>	175,85€	4.22
J. CARLOS VAZQUEZ SANCHEZ	30/11/2009	155	<i>Transporte de zahorra</i>	288,84€	4.22
M ^a BELEN SEOANE CERNADAS (FERRETERIA MASI)	30/11/2009	153	<i>Importe material varios ferraxería</i>	254,19€	4.22
COMERCIAL MAQUINARIA F3	30/11/2009	7782	<i>Aluguer de rodillo durante 32 días</i>	1.731,28€	4.20



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

CANTERA DE MONTESALGUEIRO	15/12/2009	29000765	Importe zavorra	85,05€	4.22
INTURASA PEREZ RUMBAO, S.A.	14/12/2009	0904293	Reparación maquinaria, matrícula E0964GKH	78,86€	4.21
MARIA JOSEFA SEOANE GARCIA			Axuda económica por nacemento de fillo/a	300,00€	3.48
FERNANDO RAMOS PRADO			Axuda económica por nacemento de fillo/a	300,00€	3.48
CESAR OLIVER PAZ			Axuda económica por nacemento de fillo/a	300,00€	3.48
JOSE LUIS PAZ PRADO			Axuda económica por nacemento de fillo/a	300,00€	3.48
CIDE HCENERGIA, S.A.	14/01/2010	48479	Fluído eléctrico centro de saúde de Visantón, período 28/08/2009 o 29/10/2009	270,38€	3.22
CIDE HCENERGIA, S.A.	14/01/2010	43356	Fluído eléctrico alumado público Meilán Olas, período do 01/07/2009 o 02/11/2009	294,94€	1.22
CIDE HCENERGIA, S.A.	14/01/2010	60425	Fluído eléctrico colexio público de Xanceda período do 01/07/2009 o 30/11/2009	4.000,85€	3.22
CIDE HCENERGIA, S.A.	14/01/2010	43347	Fluído eléctrico piscina municipal de Xanceda período do 01/07/2009 o 30/11/2010	3.615,35€	3.22
CONSORCIO GALEGO DE SERVIZOS DE IGUALDADE E BENESTAR	27/01/2010	504	Aportación económica municipal do servizo Xantar na Casa período outubro, novembro e decembro 2009	1.683,50€	2.48
LAURA MENDEZ ARECES	11/01/2010	2	Servizo de podoloxía mes decembro 2009	396,00€	3.22
JESUS M ^o RODRIGUEZ VAZQUEZ (NOTARIO)	23/12/2009	773	Honorarios escritura finca EDAR.	405,58€	9.22
CORREOS Y TELEGRAFOS	31/12/2009	454671	Franqueo pagado mes decembro 2009	581,22€	9.22
JOSE FRANCISCO ROEL BOUZAS			Axuda económica por nacemento de filla	300,00€	3.48
DISTRIBUCIONES CAMBA, S.L.	03/12/2009	4547	Golosinas festa nadal	434,33€	3.22
DISTRIBUCIONES CAMBA, S.L.	14/12/2009	4672	Golosinas festa nadal	3,32€	3.22

SEGUNDO. Aplicar, con cargo ao Presuposto do exercicio 2010 os correspondentes créditos por importe de 60.240,75 euros, con cargo as partidas 4.22,4.21,9.22,3.21,3.22,4.60,1.22,4.20,2.48 e 3.48 das cales realizouse a correspondente retención.

En Mesía, a 5 de abril de 2010. O Alcalde, Asdo.: Mariano Iglesias Castro."



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Toma a palabra o Sr. Alcalde, quen manifesta que, como di a proposta, hai facturas correspondentes ó exercicio pasado, de entre tres mil e vinte mil euros que están sen aboar, ben porque están rexistradas con posterioridade, ben porque se había esgotado a partida orzamentaria e non había tempo para facer a oportuna modificación de crédito. Paso a palabra ós portavoces dos grupos.

Toma a palabra o Sr. Pedreira, quen manifesta que trátase dunha obriga legal, polo que imos votar a favor.

Toma de seguido a palabra o Sr. Álvarez, quen manifesta que nós imos actuar como vimos actuando. Si debemos pagar, hai que pagar. Imos votar a favor.

Non habendo máis intervencións, o Alcalde somete a votación a proposta, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

4. DAR CONTA DO DECRETO 080/2010, DO 10 DE MARZO, RELATIVO A APROBACIÓN DA LIQUIDACIÓN DO PRESUPOSTO DE 2009

O Secretario fai lectura do decreto, que literalmente di:

“D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde - Presidente do Concello de Mesía (A Coruña), en virtude das facultades que me confiren os artigos 191 do RD Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e 90 do RD 500/1990, de 20 de abril, que desenrola a LRFL en materia de presupostos.

Sendo requisito imprescindible a aprobación da liquidación, previo informe da Intervención.

Visto o informe da liquidación elaborado polos Servizos de Intervención do Concello de data 10 de marzo de 2010.

RESOLVO:

PRIMEIRO: *Aprobala liquidación do Orzamento do 2009, no que se puxeron de manifesto as seguintes magnitudes:*

<i>Dereitos pendentes de cobro a 31/12/2009</i>	6.629,89€
<i>Obrigas pendentes de pago á 31/12/2009</i>	416.433,63€
<i>Resultado presupuestario do exercicio (con axustes)</i>	530.263,57€
<i>Resultado presupuestario do exercicio (sen axustes)</i>	223.706,30€
<i>Remanente de crédito non comprometido</i>	474.483,96€



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

<i>Remanente de crédito comprometido</i>	669.358,96€
<i>Remanente de Tesourería</i>	468.246,18€
<i>Para gastos con financiación afectada</i>	145.366,33€
<i>Para gastos xerais</i>	317.969,03€
Estado de Tesourería: Existencias totais a 31/12/2009	878.049,92€

SEGUNDO: *Dar conta da aprobación da liquidación ao Pleno na primeira sesión que se celebre.*

TERCEIRO: *Remitir unha copia da liquidación do Presuposto a Comunidade Autónoma e Delegación Especial de Economía e Facenda de A Coruña.*

En Mesía, a 10 de marzo de 2010.”

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen sinala que, aínda que non figura expresamente na orde do día, debe destacarse que no expediente á súa disposición está o informe de estabilidade orzamentaria, que resulta favorable, do que se da conta. Debe salientarse que xeramos remanente de tesourería para gastos xerais, trescentos dezasete mil euros, que permitirá cubrir necesidades que xurdan no próximo exercicio. O estado de tesourería, a trinta e un de decembro, ascende a oitocentos setenta e oito mil corenta e nove euros, e, a día de hoxe, pedín un extracto, e ascende a novecentos trinta e nove mil euros. Grazas a Deus, a tesourería que vimos mantendo permítenos cumprir coas nosas obrigas e o aforro pode permitirnos afrontar novas necesidades.

Toma a palabra o Sr. Álvarez quen manifesta que alégrome que a tesourería estea saneada, xa que virán malos tempos para os concellos pequenos. Continúa o Sr. Alcalde dicindo que falan os feitos, non os ditos, e neste concello págase puntualmente á plantilla, corenta e tres persoas a día de hoxe, e ós nosos provedores en trinta días, salvo grandes subvencións, que esperamos a cobralas para facer o pago.

5. MOCIÓNS.

Pregunta o Sr. Alcalde se algún grupo quere, pola vía de urxencia, presentar algunha moción. Manifesta o Sr. Pedreira que o noso grupo ten unha moción presentada xa para o anterior Pleno, relativa ó necesario e reforma do trazado da AC-223, e consideramos que sería neste que celebramos hoxe o momento oportuno para defendela.

Sinala o Sr. Alcalde que a ten nas súas mans e está disposto a votar a favor da urxencia. Manifesta o Sr. Álvarez que tamén está disposto a considerar a urxencia.

Sometida a urxencia da moción a votación, acádase o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

De seguido, o Sr. Pedreira lee a moción:

“Pedro Pedreira Candal, en nome e representación do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, comparece e como mellor Proceda DI:

Que por medio do presente escrito ven a presentara seguinte MOCIÓN para o seu debate e toma en consideración se procedese no seguinte Pleno da Corporación Municipal, con base na seguinte

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

A estrada AC-223 constitúe a vía de comunicación máis importante para a comunicación interior e exterior do Concello de Mesía, percorrendo as parroquias máis poboadas do territorio municipal, e articulándose como vía de saída e entrada do termo municipal, fundamentalmente en dirección á cidade da Coruña. É, por tanto, unha infraestrutura autenticamente vertebradora do noso Concello, e a estrada fundamental de comunicación con outras grandes vías da provincia e do país.

O seu trazado nunca foi reformado e mantén o mesmo deseño sinuoso propio de mediados do pasado século. Mentres todas as estradas son adaptadas novas condicións viarias de incremento de tráfico, tanto cuantitativa como cualitativamente, e ós novos tempos, que requiren infraestruturas máis seguras e rápidas de cara a que as zonas rurais do interior do país estean mellor comunicadas para poder medrar economicamente e en poboación e servizos, esta estrada continúa practicamente igual que cando se fixo.

A AC-223 ten no seu trazado curvas de 200º, como a da „Volta da Cova“. Ten partes dun único sentido de circulación, como a Ponte Feás, de tal xeito que resulta imposible para os vehículos pesados poder circular polo seu carril en curvas pechadas, estreitamentos da propia estrada, etc. Este trazado converte a AC-223 en extremadamente perigosa, xa que a maiores do mencionado, conta cun ancho propio dunha pista da parcelaria.

Froito do exposto, xa aconteceron múltiples accidentes na AC-223, varios moi graves, e sendo novamente protagonista a estrada o pasado 24 de novembro, cando na Ponte Feás, parroquia de Mesía, un accidente entre dous camións rematou cun deles no río Samo. Nesta ponte duns 4 metros de ancho, non poden pasar simultaneamente dous vehículos.

A Xunta reconstruíu o muro da ponte que quedou destruído por mor do accidente, pero deixando o tramo como estaba anteriormente, e coa mesma anchura, é dicir, invitando a novos accidentes. Senón hai máis percances no trazado desta estrada é porque os condutores xa son coñecedores da súa perigosidade e extreman as precaucións todo o que poden.

Tamén se observa que desde hai unhas semanas o estado do firme, xa penoso de por si, está particularmente deteriorado na parroquia de Visantón, en concreto no tramo da Calzada a Os Ricos, e na parroquia de Mesía, na zona da Igrexa.

Por todo isto, considerando tamén este mal estado do firme con buratos incluídos, o tráfico que actualmente soporta, o ancho, impropio dunha estrada do século XXI, o inadecuado trazado, a inexistencia de arcén, e con puntos negros dabondo, é polo que se formula a seguinte

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Remisión do contido da presente Moción á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia para o inmediato arranxo e reforma do trazado e acondicionamento da estrada AC-223 que une As Travesas con Xanceda.

En Mesía, a 7 de decembro de 2009.”

O Sr. Alcalde dálle a palabra ó Sr. Álvarez, quen manifesta que o seu grupo non só está a favor desta moción, senón a favor de calquera iniciativa neste sentido.

Toma a palabra o Sr. Alcalde quen manifesta que o seu grupo tamén está a favor de todas as iniciativas neste sentido, e, en relación co accidente que se reflexa na moción, na mesma tarde do vinte e catro de novembro estiven alí, e o día seguinte estiven coa persoa encargada, pero parece que en canto ó tema de anchar, plantéxanse dificultades. Gañóuselle un mínimo de anchura á ponte, arranxouse a capa de rodadura despois do accidente e fixéronse arranxos aquí cerca do cruce, no Campo. Todos coincidimos na necesidade da mellora, pero si está así, non é por desidia deste grupo de goberno, todo o contrario. Incluso podemos matizar e consensuar unha nova proposta. Sinala o Sr. Pedreira que é mellor que agora se remita esta, o que tamén corrobora o Sr. Álvarez.

O Sr. Alcalde sinala que parécelle ben e somete a moción a votación, acadándose o seguinte resultado: unanimidade dos concelleiros presentes.

6. DAR CONTA DOS DECRETOS DE ALCALDÍA DO 458 Ó 461 DO 2009 E DO 1 Ó 109 DO 2010.

7. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA 1/2010.

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen un listado cun extracto dos correspondentes decretos e resolucións, podendo consultar o seu contido íntegro na casa do concello, dálles a palabra ós portavoces dos distintos grupos políticos municipais para que soliciten as aclaración que estimen convenientes.

Pregunta o Sr. Pedreira pola praza de electricista e quen é este Narciso? Resposta o Sr. Alcalde que este Narciso é fillo do outro Narciso. O tema da electricidade levábo Rodrimar, pero agora encárgase Narciso.

Pregunta o Sr. Álvarez se asumir como propio un servizo externalizado responde a un aforro, a unha mellora ou a ambas cuestións, ó que resposta o Sr. Alcalde que a unha maior eficacia e rapidez no servizo e tamén ó aforro.

Non manifestando nada máis ó respecto ningún concelleiro, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

8. DAR CONTA DAS ACTAS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DENDE O 31 DE DECEMBRO DE 2009 ATA O 11 DE MARZO DE 2010

Manifesta o Sr. Alcalde que, dado que os concelleiros xa teñen copia das actas da Xunta de Goberno Local, se queren plantexar algunha cuestión.

Pide a palabra o Sr. Pedreira, quen pregunta acerca dunha solicitude de subvención do vinte e oito de xaneiro, de catorce mil cen euros para políticas de igualdade e loita contra a violencia de xénero, XOECON, ¿en qué se gasta?

O Sr. Alcalde dálle a palabra á Concelleira de cultura, Sra. Sánchez, quen resposta que este é o terceiro ano do programa XOECON, xogar e conciliar, que comprende, entre outras, actividades de Semana Santa, entreter ós rapaces cando non hai clases, saídas ó parque de educación viaria, campamentos de verán, ou transporte para ir ó cine.

Pregunta o Sr. Pedreira porqué ten entón ten ese título, ó que resposta a Sra. Sánchez que trátase de conciliar entretendo ós fillos e permitindo que traballe a muller traballadora.

Pregunta o Sr. Pedreira polos proxectos de inversión en locais sociais, ó que o Sr. Alcalde resposta que de iso darei conta no punto seguinte da orde do día.

Pregunta o Sr. Pedreira polo proxecto da ruta de sendeirismo dos muíños, porqué non se trouxo ó pleno, e se pode dar máis detalles, ó que resposta o Sr. Alcalde que trátase dunha competencia delegada na xunta de goberno local, e o proxecto comprende unha ruta de sendeirismo dende a Fraga do Rei, en Visantoña, á parroquia de Olas, e os técnicos acomodaron o trazado máis idóneo. A continuación o Sr. Alcalde fai unha exposición do itinerario da ruta.

Pregunta o Sr. Pedreira se está cofinanciada, ó que resposta o Sr. Alcalde que unha parte a financia AGADER e outra corre a cargo de fondos propios.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde pasa ó seguinte asunto da orde do día.

9. DAR CONTA DOS PROXECTOS A INCLUIR NO FONDO ESTATAL PARA O EMPREGO E A SOSTENIBILIDADE LOCAL APROBADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Toma a palabra o Sr. Alcalde, que sinala que os proxectos que se incluíron no Fondo Estatal para o Emprego e a Sostenibilidade Local son os seguintes:



CONCELLO DE MESÍA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

<i>Denominación da obra</i>	<i>Orzamento execución por contrata</i>
ARRANXOS DE LOCAIS SOCIALES NAS PARROQUIAS DE CASTRO, CABRUI E BASCOI	80.454,90 €
ARRANXOS DE LOCAIS SOCIALES NAS PARROQUIAS DE OLAS E VISANTOÑA, CASA DA CULTURA DE XANCEDA E SENDA PEONIL	100.389,04 €
ARRANXOS NO LOCAL SOCIAL DE MESÍA	128.829,01 €

O obxecto das actuacións que se podían incluír viña bastante acoutado, se ben se prevía a posibilidade de incluír os gastos dos proxectos e da dirección de obra, e así o fixemos tamén. Non hai gravame para o Concello. De seguido o Sr. Alcalde fai unha explicación do contido de cada un dos proxectos.

Non manifestándose nada máis ó respecto, pasa o Sr. Alcalde ó seguinte punto da orde do día.

10. ROGOS E PREGUNTAS.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Pedreira, quen pregunta si se sabe algo dos contenedores de papel. Así mesmo, coa citación para o Pleno recibimos unha invitación para ir a Ordes á celebración da Mancomunidade, e coñecendo a postura contraria da Alcaldía contraria á mancomunidade, queremos saber cal é a súa postura, se vai a ir vostede, e si imos saír da mancomunidade.

Resposta o Sr. Alcalde que o tema non é dotarse de contenedores ou ubicalos, o problema radica na xestión do papel en si, e non se descarta, como a mellora na xestión de residuos. Estamos intentando implantar a recollida selectiva, pero hai prioridades. En canto á invitación, dei traslado da invitación do Alcalde de Ordes, invitación que fixo a todos os membros da Corporación. Eu, como Presidente, doulles traslado da mesma.

Sinala o Sr. Pedreira que a invitación di que *D. Mariano Iglesias Castro invita ...*, ó que o Sr. Alcalde resposta que aínda que así fora, trátase dun erro semántico. O acto non ten nada que ver coa mancomunidade nin o Alcalde ocupa cargo algún na mancomunidade nin a preside.

Pregunta o Sr. Pedreira se é un acto comarcal, estráñame que vostede nos invite a marcharnos e agora invítanos a ir. Resposta o Sr. Alcalde que eu doulles traslado dunha invitación, e é o Alcalde de Ordes o que invita. Dígolle máis, gustaríame que vostede asistise.



CONCELLO DE MESIA (A CORUÑA)

15685 XANCEDA C.I.F.: P-1504800 B Telf. (981) 68 70 01 – Fax 68 70 69

Pregunta o Sr. Pedreira se vai a ir vostede ó acto, ó que o Sr. Alcalde que si chego aló, si.

Pregunta o Sr. Pedreira sobre a saída da mancomunidade, ó que resposta o Sr. Alcalde que estou meditando seguir, trátase dun asunto no que hai que ser reflexivo.

O Sr. Alcalde cede a palabra ó Sr. Álvarez, quen manifesta que estamos a adicar máis tempo á mancomunidade que ó Plan Xeral, e quero preguntarlle si, a este respecto, fíxolle reflexionar o tema do asociacionismo, e, así mesmo pregúntolle polo tema de onde se vai ubicar o punto limpo.

Tamén traía como rogo o tema do arranxo da estrada Xanceda - As Travesas, e que se amplíen as sendas peonís en Visantoña, que se amplíe a zona dos Ricos a Os Castros.

Resposta o Sr. Alcalde que o punto limpo ubícase ó carón do depósito de plásticos de uso agrícola en Albixoi. Nos xa remitimos a documentación, pero parece que agora cambiouse a dinámica na Xunta, e están sendo reticentes a dar os puntos limpos a concellos de menos de cinco mil habitantes. Espero que se nos conceda. En canto á mancomunidade, hai que ter en conta que os problemas económicos agrávanse nos concellos pequenos, engadíndose ademais a extensión xeográfica e as complicacións motivadas polos núcleos dispersos. O vindeiro luns día doce temos unha reunión todos os alcaldes para tratar o futuro da mesma, e aí se verá qué pasa coa mancomunidade.

En canto á AC223, todos os presentes estamos de acordo na necesidade de melloralala. Farei unha proposta e trasladareilla ós grupos. En canto ó tema das sendas peonís, hai máis dun ano que está presentado o proxecto, falei con D José Antonio Álvarez, o seu compañeiro. Manifesta o Sr. Álvarez que a Administración non perde os proxectos, vostede insista. Resposta o Sr. Alcalde que o que é atender, sempre atendéronme moi amablemente, tanto por teléfono como en visita persoal, e aínda esta mesma semana volvín a reiterar a petición, tanto a el como ó delegado territorial.

Non habendo máis intervencións, o Sr. Alcalde - Presidente, sendo as vinte e dous horas, levanta a sesión, da que eu, Secretario - Interventor, certifico.

Visto e Prace,
O alcalde,